



**CIRCULAR nº 20**

**31 xullo 2020**

## **CONVOCATORIA E BASES DOS PREMIOS “GRAN DE AREA 2020”**

### **1. Obxecto**

As Delegacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de Ourense, Pontevedra e Vigo convocan os Premios “Gran de Area”, que supoñen un recoñecemento a ARQUITECTOS e PROMOTORES, ademais doutros axentes participantes no proceso edificatorio, pola súa labor, necesariamente conxunta, para obter unha obra arquitectónica de calidade.

Cada obra é unha pequena, á vez que importante, aportación á arquitectura, á creación e á posta en valor do Entorno.

### **2. Procedemento de selección**

O criterio de selección será establecido polo xurado, podendo valorarse a totalidade do Proxecto ou Obra ou, unicamente, un determinado aspecto do mesmo que aporte un carácter singular ou de valor: tipoloxía, innovación tecnolóxica, baixo custo, implantación no territorio.....

### **3. Requisitos e condicións das candidaturas e dos candidatos.**

Poderán optar aos premios, os proxectos redactados ou obras finalizadas, con emprazamento no ámbito das provincias de Ourense e Pontevedra, ata o último día de prazo de presentación de propostas habilitado para esta edición, sempre que non foran presentadas en edicións anteriores deste mesmo Premio.

Por outra parte, poderán presentar as propostas de candidaturas para que sexan presentadas polo COAG, as persoas físicas o xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Figurar como colexiado/a no COAG ou en calquera outro Colexio de Arquitectos de España. O mesmo criterio aplicarase cos correspondentes Rexistros de Sociedades profesionais.
- Atoparse ao corrente das súas obrigacións colexiais e en plenitude dos seus dereitos como colexiados.
- Ser os autores ou coautores dos proxectos ou obras presentadas como candidatos.

Cada arquitecto poderá presentar tantas obras como estime oportunas, cos datos relativos a promotores, construtores e apareladores (nome e apelidos ou denominación social) que o arquitecto considere tamén merecedores de recoñecemento.

### **4. Documentación a presentar**

Deberase aportar a documentación referida a continuación:

### **SECCIÓN GRÁFICA**



**Achegaranse ata un máximo de 10 fotografías (arquivos de imaxe) expresivas das obras ou proxectos a xuízo dos autores (fotografías, planos, diagramas, etc.).**

**Formato de entrega:**

- Formato: JPG
- Tamaño máximo por arquivo: 10MB.
- Tamaño máximo dos arquivos de imaxe (en píxeles): 7.680 en calquera das dúas dimensións.
- Sinalarase entre as imaxes aquela que se corresponde coa **“IMAXE REPRESENTATIVA DA CANDIDATURA”**, aos efectos de aparecer como imaxe asociada en listados e ser a primeira que se mostra nos carruseis.
- Orde das imaxes: recoméndase nomear cun prefixo numérico de dous díxitos os arquivos das imaxes antes de subilas (de 00 ata 09).
- Unha vez garde a obra, poderase acceder á visualización da proposta na web do COAG.

**SECCIÓNS DE ARQUIVOS**

Incluirase:

- Un **breve dossier ou memoria descritiva e xustificativa** da obra ou traballo presentado, coa documentación gráfica e escrita do proxecto necesaria para a comprensión do mesmo, xustificando os valores da proposta a xuízo dos autores. Este documento deberá presentarse en formato PDF, cunha extensión máxima de 4 páxinas en tamaño A3. Tamaño máximo do arquivo é de 10 MB
- O **modelo de solicitude de participación e autorización para o tratamento de datos persoais (ANEXO I)** debidamente cuberto e asinado con sinatura dixital válida (DNI, FNMT...). Dispoñible no seguinte enlace: [GALEGO/CASTELÁN](#)

**5. Prazo e forma de presentación. Prazo de corrección de propostas presentadas. Recomendacións sobre a presentación de propostas na plataforma web.**

O prazo de presentación rematará ás **14:00 horas do 17 de setembro**. As propostas deberán ser achegadas a través da web do COAG, a través da plataforma online de xestión de Premios a través do canal que se habilitará posteriormente.

**IMPORTANTE: EN CANTO ESTEA HABILITADO O APARTADO WEB PARA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS SERÁ COMUNICADO OPORTUNAMENTE.**

Deberase cumprimentar todos aqueles campos obrigatorios que se indicarán, atendendo así mesmo ás indicacións e recomendacións expostas.

**En calquera caso, prevalecerán os requisitos documentais especificados na plataforma de presentación.**

**Recomendacións sobre a presentación de propostas na plataforma web.**

Por outra parte, para evitar os potenciais problemas derivados de achegar toda a documentación nas últimas horas do prazo, recoméndase aos interesados en participar que procedan a subir a documentación de modo progresivo, a medida que a teñan elaborada e non



toda dunha vez. Lémbrese que a plataforma permite engadir e modificar os documentos incluídos na proposta, dentro de prazo de presentación, así como acceder en cada momento á previsualización da proposta.

## 6. Xurado

O xurado para a avaliación das obras presentadas, estará composto polas seguintes persoas:

- Os Presidentes das delegacións de Vigo, Ourense e Pontevedra, ou persoa/s en quen deleguen.
- 1 Colexiado da Delegación de Pontevedra a seleccionar pola Xunta Directiva de Pontevedra
- 1 Colexiado da Delegación de Vigo a seleccionar pola Xunta Directiva de Vigo.
- 1 Colexiado de Delegación de Ourense a seleccionar por la Xunta Directiva de Ourense.
- 1 Colexiado seleccionado entre os premiados nos Premios “Gran de Area” da edición anterior, consensuado polas tres Delegacións.
- A Secretaria da Delegación de Ourense, ou persoa en quen delegue, que actuará con voz pero sen voto, por ser este ano por quenda a Delegación que organiza os premios.

Os membros do xurado non poderán optar a ningún premio.

O Xurado poderá asumir o rexeitamento daquelas obras ou proxecto que cualifique de non rematados por completo.

O Xurado reservase tamén a potestade de aceptar ou rexeitar aquelas obras que poidan ter un defecto de forma na súa candidatura que considere menor e non afecte a esencia do premio que é recoñecer a arquitectura de calidade que se fai no noso territorio.

## 7. Fallo

Os premios fallaranse durante o mes de outubro de 2020, comunicándose oportunamente por circular colexial.

## 8. Entrega de diplomas.

O premio consistirá na entrega dun diploma acreditativo.

Celebrarase un acto de entrega de diplomas tanto aos arquitectos, como aos promotores, construtores e apareladores das obras, no mes de outubro, anunciándose oportunamente.

Este acto complementarase, cando sexa posible, coa organización dun ciclo de conferencias impartidas polos premiados, durante os vindeiros meses.

## 9. Consultas e reclamacións

As consultas e reclamacións sobre esta convocatoria poderanse realizar no panel de servizos colexiais no seguinte [ENLACE](#)

## 10. Propiedade intelectual e dereitos de terceiros



Os participantes deberán ser titulares dos dereitos de propiedade intelectual sobre os traballos, proxectos, fotografías e/ou planos presentados, e/ou contar con todos os dereitos e/ou facultades para o uso, reprodución, comunicación e difusión dos mesmos.

Os participantes fanse responsables da documentación facilitada, manifestando que a mesma non infrinxe dereitos de propiedade intelectual nin de imaxe de terceiras persoas, nin calquera outro dereito de terceiros e, así mesmo, exoneran ao COAG de calquera responsabilidade respecto diso.

Por tanto, o participante responderá directamente ante calquera reclamación, queixa ou demanda de terceiros con relación á vulneración ou infracción dos posibles dereitos que puidesen derivarse da documentación entregada ou como consecuencia da presentación da mesma á presente convocatoria mantendo indemne ao COAG.

#### **11. Publicación e difusión.**

Os autores das obras ou proxectos participantes autorizan ao COAG para o uso, distribución, comunicación pública, exhibición, reprodución, publicación e difusión por calquera medio, conxunta ou individualmente, das candidaturas presentadas e toda a documentación e imaxes que a integran, podendo, en consecuencia, aparecer en calquera tipo de soporte, editado, impreso ou dixital, vinculado co COAG e a difusión das súas actividades, incluído Internet, e cedendo ao COAG todos os dereitos de explotación da propiedade intelectual que das publicacións resultantes puidesen xerarse, sen limitacións de tipo territorial nin temporal e sen que os cedentes poidan reclamar contraprestación algunha, nin dineraria nin de ningunha outra clase.

Non se poderán utilizar os traballos e documentación presentados, salvo acordo e consentimento expreso dos seus autores, para outros fins distintos aos vinculados á publicidade e difusión dos premios e das actividades do COAG.

#### **12. Información sobre tratamento de datos persoais.**

O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (COAG), con domicilio en Praza Quintana, 1, 2º, 15704 Santiago de Compostela, é a entidade responsable do tratamento dos datos de carácter persoal consignados na súa solicitude de participación e na documentación que acompañe, así como dos que sexan xerados a consecuencia da súa participación no Premio.

O COAG ten designado un Delegado de Protección de Datos co que pode pórse en contacto a través da dirección de correo electrónico [dpd@coag.es](mailto:dpd@coag.es)

O COAG tratará os seus datos para o cumprimento das funcións e obrigas que ten legalmente asignadas, e, en particular, para a xestión, tramitación e publicidade do Premio Gran de Area.

Os datos solicitados no formulario de participación e a documentación solicitada resultan necesarios para a comprobación do cumprimento dos requisitos de participación e a valoración da súa candidatura polo xurado, si o interesado non facilita estes datos, podería ver rexeitada a súa solicitude de participación.



En canto aos datos de terceiras persoas que o participante poda proporcionar na documentación que aporte, será obriga do participante informar debidamente ós terceiros, de acordo coa normativa sobre protección de datos, da comunicación dos seus datos ó COAG a estes efectos, e, no seu caso, recabalo seu consentimento explícito para tal tratamento.

A base legal para o tratamento dos seus datos como participante no Premio é o seu consentimento, ademais, para o cumprimento das funcións e obrigas legalmente impostas ó COAG poden realizarse tratamentos lexitimados pola lei, entre outras, nas seguintes normas:

- Ley 2/1974, de 13 de febrero, sobre Colegios Profesionales
- Real Decreto 129/2018, de 16 de marzo, por el que se aprueban los Estatutos Generales de los Colegios de Arquitectos y de su Consejo Superior.
- Estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
- Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

Os datos que proporcione o participante comunicaranse aos membros do xurado, a outros participantes no certame e ós colexiados, así mesmo, os datos da candidatura comunicaranse ó público mediante a súa publicación na Internet, no sitio web do COAG, e a través da súa posible difusión polos medios de comunicación. Os datos tamén poderían comunicarse en cumprimento das obrigas legais do COAG, en particular, as relativas a transparencia e bo goberno.

Así mesmo, infórmase de que o COAG recorre a terceiros para a prestación de servizos que implican o tratamento de datos por conta de aquel, polo que, como encargados do tratamento, estes terceiros poderán ter acceso ós datos. Entre eles, a prestación de determinados servizos de comunicacións electrónicas e servizos TIC son proporcionados por determinados encargados do tratamento (INTELLIGENCE PARTNER, S.L (Google), The Rocket Science Group LLC d/b/a MailChimp) que implica ou pode implicar a transferencia dos seus datos persoais a terceiros países que ofreceron garantías adecuadas, mediante a adscrición ó marco de Privacy Shield que garante que os interesados contén con dereitos esixibles e accións legais efectivas.

Pode consultar a información relativa ó Privacy Shield Framework nos [seguintes](https://www.privacyshield.gov/) enlaces:  
<https://www.privacyshield.gov/>  
<https://www.privacyshield.gov/participant?id=a2zt0000000TO6hAAG&status=Active>  
<https://www.privacyshield.gov/participant?id=a2zt000000001L5AAI&status=Active>

Os datos conservaranse mentres sexan necesarios para a xestión do certame e a súa difusión, e posteriormente para a súa publicidade e para dar cumprimento as obrigas de arquivo o rexistro público.

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre si o COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA está tratando datos persoais que o concirnan.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder ós seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fines para os que foron recollidos.



En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en tal caso unicamente se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán oporse ó tratamento dos seus datos. No caso de que proceda, o COAG deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos como o cumprimento das funcións ou obrigas legalmente establecidas, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, cando o tratamento estea baseado no consentimento do interesado, este ten o dereito a retirar o consentimento en calquera momento.

No caso de que o interesado estime que non se está a realizar un tratamento adecuado dos seus datos, pode presentar unha reclamación ante ol Delegado de Protección de Datos designado (dpd@coag.es) ou ante a Agencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

### **13. Aceptación das bases.**

A participación na presente convocatoria de premios supón a aceptación da súas bases.

Atentamente,

As directivas de Ourense, Pontevedra e Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia